

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 28.02.2019

Hora: 16:00

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 28 de febreiro de 2019, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

## **Punto 1. Preguntas**

- 1.1 43955 (10/POC-007047)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre a baremación dos servizos para optar ao Servizo de Protección e Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF)  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019*

## **Punto 2. Proposicións non de lei**

- 2.1 43157 (10/PNC-003474)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl  
Sobre a adopción pola Xunta de Galicia das medidas biosanitarias e informativas necesarias para evitar a extensión da peste porcina africana por todo o territorio galego  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019*
- 2.2 43165 (10/PNC-003475)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Oubiña Solla, Rosa e 6 máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central co fin de simplificar a realización dos trámites administrativos que teñen que facer os operadores vitivinícolas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019*
- 2.3 43566 (10/PNC-003496)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón e 2 máis  
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a aplicación da Lei 35/2011, de titularidade compartida das explotacións agrarias  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019*



- 2.4 43637 (10/PNC-003498)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a publicación dunha corrección de erros de varias ordes de axudas á prevención de danos e de axudas polos danos ocasionados pola fauna salvaxe  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019*
- 2.5 45235 (10/PNC-003640)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Gómez Salgado, Carlos e 6 máis  
Sobre o mantemento polo Goberno galego das medidas e protocolos establecidos para acadar a erradicación da couza guatemalteca da pataca  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*
- 2.6 45323 (10/PNC-003643)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de concentración parcelaria de Santa María de VilvestroII-Figueiras II, no concello de Santiago de Compostela  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*
- 2.7 45361 (10/PNC-003647)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón  
Sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios humanos e materiais necesarios á Oficina Agraria Comarcal de Xinzo de Limia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*
- 2.8 45797 (10/PNC-003689)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Fernández, Raúl e Fernández Leiceaga, Xoaquín María  
Sobre o remate pola Xunta de Galicia do proceso de concentración parcelaria do monte nas parroquias de Figueiras e Vilvestro, no concello de Santiago de Compostela  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 434, do 20.02.2019*



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019

Daniel Vega Pérez  
Presidente da Comisión



Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 22/02/2019 12:52:36



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL SAÍDA**  
Data asento: 22/02/2019 13:09:00  
**Nº Rexistro: 14211**  
Data envío: 22/02/2019 13:09:00.096

CSV: qA2fWEEaa1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidenta	
Rosa Oubiña Solla	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

## Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Raúl Fernández Fernández	S
Carlos Gómez Salgado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM
Antón Sánchez García	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 28.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 28.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 43955(10/POC-007047)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a baremación dos servizos para optar ao Servizo de  
Protección e Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF)

*Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2019 13:12:14  
Nº Rexistro: 43955  
Data envío: 17/01/2019 13:12:14.407

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

A recomendación 60 do Ditame da Comisión Especial de Estudo dos Lumes aconsellaba a creación dun grupo de expertos que analizase a situación do Spdcif e a súa posible reestruturación antes da temporada de risco do ano en curso.

Antes de se reuniren este grupo de expertos a Administración comezou un proceso de reestruturación que deixa moito que desexar.

Como é sabido na extinción dos lumes hai unha abondosa diversidade de medios humanos no que a bombeiros forestais se refire. Pois ben, a mediados do pasado ano comezouse a falar dunha reestruturación do Servizo coa supresión da encomenda a Seaga e a posibilidade de ampliación da plantilla do Spdcif.

E nestas comezou o baile. A baremación era desigual e arbitraria, e nestes momentos tamén continúa a selo. Ós que traballaron nas brigadas dos concellos 0,25, ós do propio servizo falouse de 0,40 e hoxe ofértaselles o 0,30 e ós de Seaga en principio nada e agora 0,15.

Hai concellos que teñen contratadas cuadrillas por todo un ano en extinción e preténdese certificar todo ese ano coma se de época de risco se tratase...





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2019 13:12:14**  
**Nº Registro: 43955**  
Data envío: 17/01/2019 13:12:14.407

Todo isto é dunha inxusta arbitrariedade e desigual trato. Se cadra no medio dun lume non vestían o mesmo EPI e non sentían por igual o sofoco do fume e a ameaza das lapas. Se cadra...

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cal é a razón pola que se inicia, antes das conclusións do grupo de expertos, a reestruturación do Spdcif?

-Que razóns hai para facer baremacións distintas a bombeiras/os forestais que desempeñaron o mesmo traballo pero de distintas procedencias?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV REGISTRO-ENCSdMg-4

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2019 13:12:14**  
**Nº Registro: 43955**  
Data envío: 17/01/2019 13:12:14.407

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2019 13:10:08**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2019 13:10:15**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2019 13:10:16**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2019 13:10:18**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2019 13:10:19**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2019 13:10:21**

CSV REGISTRO-ENCSdMg-4  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 28.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.       Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 28.02.2019**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

2.1 43157(10/PNC-003474)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a adopción pola Xunta de Galicia das medidas biosanitarias e informativas necesarias para evitar a extensión da peste porcina africana por todo o territorio galego

*Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/01/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 43157  
Data envío: 11/01/2019 14:02:27.925

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

O virus da peste porcina africana (PPA) é un dos máis complexos que existen, e posúe unha gran variabilidade xenética. Ao contrario do que adoita pensarse non é de doada transmisión, pero si extremadamente resistente, por exemplo, en sangue e feces.

En España a última vez que entrou foi en 1960 e erradicouse en 1995, dándose algúns focos no 2001 e 2002 nalgunhas provincias. Con todo, en países do centro e do leste de Europa como Bielorrusia, Estonia, Polonia, Eslovenia e, recentemente, Bélxica, esta peste mantense activa desde 2005 en poboacións de xabarís silvestres e é por iso que algúns gobernos están a levar a cabo programas de vacinación.

Actualmente, China leva 10 provincias infectadas polo que agora o país máis preocupado é EEUU onde están a poñer en marcha numerosas medidas (xa que importan moito desde o país asiático).

En España, o labor excelente por parte do Ministerio de Agricultura confiando nos científicos especialistas foi fundamental para a súa erradicación. Ademais, dese brote aprendéronse moitas cousas que serviron para que agora o noso sector porcino se modernizase e estea nos primeiros postos en canto á bioseguridade, benestar animal e seguridade alimentaria en Europa e no mundo.

A xa de por si elevada concentración de xabarís en Europa, España e Galicia, aínda experimentou un crecemento nos últimos anos. Este é un dos factores que provocaron o último brote en Europa xa que, aínda que estea prohibido o traslado de xabarís entre países, é imposible controlar o movemento dos animais.

A pesar de que na actualidade non existe unha vacina 100 % eficaz, si que se prevé que a haxa en dous anos aproximadamente, segundo os científicos, razón pola que é necesario tomar medidas para evitar que os xabarís da península non se infecten.



CSM-REXISTRO-DzSe-10Gpl-8

Verificación

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/01/2019 09:30:00**  
**Nº Registro: 43157**  
Data envío: 11/01/2019 14:02:27.926

A bioseguridade álzase así como a ferramenta máis eficaz que temos para combater as posibles infeccións e é por iso que hai que tratar de ser previsoires e estar preparados por se acaso, xa que, Galicia, ao ser unha gran produtora porcina, tería moito que perder.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que tome as medidas preventivas biosanitarias e informativas necesarias, con urxencia, para evitar que esta praga se estenda polo territorio.

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 11/01/2019 13:52:01**

**Raúl Fernández Fernández na data 11/01/2019 13:52:14**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/01/2019 13:52:29**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 28.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.2 43165(10/PNC-003475)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa e 6 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central co fin de simplificar a realización dos trámites administrativos que teñen que facer os operadores vitivinícolas

*Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019*





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 43165**  
Data envío: 11/01/2019 14:27:22.681

## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputadas e deputados, **Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez, Miguel Prado Patiño** e **Jacobo Moreira Ferro**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

### Exposición de motivos

O Sector vitivinícola é un eido que xera emprego e riqueza, ademais de contribuír ao aproveitamento dos nosos recursos endóxeos, como son a terra ou o clima.

Ademais, o viño é un dos sectores máis regulados do noso país, xa que ademais de estar sometido a leis estatais e autonómicas, atópase suxeito a un marco normativo comunitario específico moi complexo e extenso no ámbito da Política Agrícola Común.

Dentro da OCM única ademais, o sector está suxeito a regulamentación horizontal, que cobre definicións a prácticas enolóxicas, produción, etiquetaxe e presentación, e desenvolve un réxime de control das producións e dos movementos de produtos, entre outros aspectos. Toda esta normativa non se limita ao campo de agricultura, senón que se estende a outros ámbitos da regulación, por exemplo o fiscal ou o sanitario.

Este conxunto de regras contribuíu favorablemente á especialización na calidade por parte da produción, á protección da consumidores fronte á fraude, á correcta información ao consumidor e ao mellor funcionamento xeral do mercado interno.

Con todo, durante as últimas décadas, a emisión de lexislación desde distintos ámbitos para facer fronte aos novos retos veu a encher de obrigacións administrativas e trámites, que están a dificultar enormemente a tarefa dos operadores e restando competitividade ao conxunto do sector.

Chegou o momento de facer unha revisión en profundidade de toda a lexislación que afecta o sector vitivinícola e que lle xera obrigacións para coa administración, e iniciar un proceso de racionalización e simplificación.

Con motivo da publicación o pasado 28 de febreiro do Regulamento de Execución (UE) 2018/274, do 11 de decembro de 2017, e do Regulamento Delegado (UE) 2018/273, do 11 de decembro de 2017 (normativa propia do sector vitivinícola que regula entre

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO-ZF556GOC1-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 43165**  
Data envío: 11/01/2019 14:27:22.681

outros, os documentos de acompañamento, a certificación, o rexistro de entradas e saídas, as declaracións obrigatorias e notificacións), é a ocasión de revisar toda a lexislación nacional e autonómica ao redor destas obrigacións e impoñer racionalidade na mesma.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Poñer en marcha os mecanismos necesarios para facilitarlle e simplificar aos operadores vitivinícolas a realización dos trámites administrativos que teñen que realizar.
- 2.- Solicitalle ao Ministerio a modificación da aplicación INFOVI a efectos de simplificar a tramitación das declaracións que están obrigados a presentar os operadores vitivinícolas.
- 3.- Instar ao Ministerio á creación dun grupo de traballo implicando tamén a Comunidades Autónomas, Consellos Reguladores e a representantes expertos dos operadores do sector que aborde a simplificación administrativa de maneira pormenorizada, co compromiso de levar a cabo a mesma”.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 11/01/2019 14:16:58**

**Rosa Oubiña Solla na data 11/01/2019 14:17:06**

**Moisés Blanco Paradelo na data 11/01/2019 14:17:14**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/01/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 43165**  
Data envío: 11/01/2019 14:27:22.681

**Raquel Arias Rodríguez na data 11/01/2019 14:17:21**

**Carlos Gómez Salgado na data 11/01/2019 14:17:30**

**Daniel Vega Pérez na data 11/01/2019 14:17:39**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 11/01/2019 14:17:47**

**Jacobo Moreira Ferro na data 11/01/2019 14:17:55**

CSX, REXISTRO-ZF56G0C-1  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 28.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.3 43566(10/PNC-003496)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a aplicación da Lei 35/2011, de titularidade compartida das explotacións agrarias

*Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez e da súa deputada Paula Quintero Araújo, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos

A Xunta de Galicia non está sabendo abordar a fenda de xénero que prexudica ás mulleres do rural, como demostra o fracaso estrepitoso da aplicación da Lei 35/2011 de Titularidade Compartida das Explotacións. O obxecto da Lei era que os dereitos laborais das traballadoras da rural foran plenamente recoñecidos, isto é, que as mulleres se deran de alta na Seguridade Social, cotizasen, tivesen dereito a unha pensión e foran titulares tanto das axudas e subvencións que percibe unha explotación como dos seus rendementos. Porén, a ineficacia das diferentes administracións truncou a aplicación da norma, facendo que quedara en papel mollado.

A Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (Fademur) vén de denunciar que a Lei de Titularidade Compartida leva dende a súa orixe pasando desapercibida por mor da apatía das institucións e as dificultades que supón o seu procedemento. Así é que, das aproximadamente 35.000 mulleres que poderían terse acollido aos beneficios da Lei, no ano 2017 só 17 decidiran reclamar os seus dereitos, polo que queda probada a falta de desenvolvemento e aplicación da normativa.

Isto subliñámolo xa o ano pasado nunha iniciativa na que esixíamos o seguinte:





- Realizar un Plan de accións que melloren a aplicación da Lei 35/2011 de Titularidade Compartida das Explotación, que se inicie no ano 2018 e que contemple cando menos:
  - a) Levar a cabo unha campaña de difusión ampla da Lei e das opcións que teñen as labregas.
  - b) Facer un estudo para avaliar as causas que poden estar provocando o fracaso da aplicación de dita lei.
  - c) Por en marcha un programa de formación específico para funcionarios e funcionarias para asesora e acompañar nos trámites da titularidade compartida ás persoas interesadas.

Nada disto fixo a Xunta de Galicia, como demostra o feito de que no ano 2018 só unha muller máis reclamara a titularidade compartida.

Consecuentemente, é claro que o Goberno do Partido Popular non está a facer o seu traballo, incumprindo, outra vez, os seus compromisos co rural e coa igualdade de xénero. A Xunta de Galicia tería que tomarse moito máis en serio a Lei de Titularidade Compartida, dotándoa de medios tanto humanos como económicos, e propoñendo incentivos como “puntos extra” para explotacións de titularidade compartida que queiran acceder a subvencións.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar un Plan de accións que melloren a aplicación da Lei 35/2011 de Titularidade Compartida das Explotación, que se inicie no ano 2019 e que contemple cando menos:

- a) Levar a cabo unha campaña de difusión ampla da Lei e das opcións que teñen as labregas.





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/01/2019 13:28:09  
Nº Rexistro: 43566  
Data envío: 15/01/2019 13:28:09.981



- b) Facer un estudo para avaliar as causas que poden estar provocando o fracaso da aplicación de dita Lei.
- c) Por en marcha un programa de formación específico para traballadoras e traballadores da Xunta de Galicia para asesorar e acompañar nos trámites da titularidade compartida ás persoas interesadas.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro s. do G.P. de En Marea

Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 15/01/2019 13:08:09**

**David Rodríguez Estévez na data 15/01/2019 13:08:23**

**Paula Quinteiro Araújo na data 15/01/2019 13:09:00**



**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 28.02.2019**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

2.4 43637(10/PNC-003498)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a publicación dunha corrección de erros de varias ordes de axudas á prevención de danos e de axudas polos danos ocasionados pola fauna salvaxe

*Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/01/2019 17:10:16  
Nº Rexistro: 43637  
Data envío: 15/01/2019 17:10:16.131

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vai ser preciso comezar dicindo que o xabril é un animal omnívoro que nesta condición, á hora de se alimentar non diferencia entre horta ecolóxica, horta convencional ou cultivos forraxeiros.

Quen si establece diferenzas no trato e nas apreciacións é a Consellería de Medio Ambiente cando de medidas de prevención e ou valoracións de danos ocasionados por este animal se trata. Principalmente se falamos da agricultura de Horta Convencional.

En diferentes ordes de decembro de 2018 sácanse axudas públicas para a prevención e os danos ocasionados pola fauna salvaxe, nomeadamente lobo e xabril e velaí algunhas das estrañas anomalías:

*“O xabril mantén unha poboación abundante na xeografía galega. A súa presenza nos nosos montes non só é un expoñente da nosa rica biodiversidade senón ademais, un elemento destacado no equilibrio biolóxico do Medio en que se*





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 15/01/2019 17:10:16

Nº Rexistro: 43637

Data envío: 15/01/2019 17:10:16.131

*desenvolve.*” Realmente pode alguén no seu sán xuízo medioambiental afirmar tamaña barbaridade falando de equilibrio biolóxico e poboacional?

No artigo 3 da orde do 7 de decembro entre as persoas beneficiarias, no apartado *a* figuran as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións agrarias onde se constaten os danos aos cultivos agrícolas producidos polo xabaril, inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA) ou de autoconsumo.

Nas Mariñas coruñesas, dun total de 240 explotacións de horta so están inscritas neste rexistro sete ó aire libre e dúas a cuberto... Temos por tanto un problema co REAGA en canto á súa utilidade e como referencia e condición para a concesión de axudas a non ser que o que se persiga sexa poñer impedimentos para non gastar.

**Artigo 5:** Comunicación do dano.

1.No prazo máximo de 72 Horas.....E aqueles agricultores que teñen as fincas, distanciadas unhas de outras, poñamos por caso 10 ou 15 kms, que fan? Montan garda ou fan patrullas diarias?

**Artigo 6:** Importe das axudas.

*O importe máximo por persoa beneficiaria e ano establécese en 1.650,00€....*

Falamos en serio cando en horta convencional os danos poden ascender a miles de euros?

**Artigo 7:**

CSV REXISTRO-ogEmLUKOk-9  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 15/01/2019 17:10:16

Nº Rexistro: 43637

Data envío: 15/01/2019 17:10:16.131

*d) Declaración do título que posúe para a utilización do terreo en que se producen os danos..*

*e) Referencia (SIXPAC) das parcelas con cultivos afectados por danos producidos polo xabaril, indicando a superficie declarada na solicitude única da PAC do ano 2018..*

Con este punto exclúense un 70% das explotacións de horta profesional en Galicia, que non teñen dereito a unha subvención da PAC.

Tampouco teñen contrato de arrendamento, non o necesitan por non teren que xustificar axudas de superficie. Ademais moitos dos propietarios das parcelas traballadas non teñen interese ningún en facer ningún tipo de contrato, déixanse para traballar polo interese de ter limpas as fincas....

No DOGA nº 5 do martes 8 de Xaneiro do 2019 que trata das axudas á prevención de danos vólvese incorrer nos mesmos erros e faltas de consideración e coñecemento do sector antes citado. Así no Artg.14, criterios para a concesión da axuda, os prazos dun mes para o xabarán son ridículos e o que colma o vaso do descoñecemento é na baremación:

*--4. Titulares de explotacións agrarias que teñan contratada unha liña de aseguramento que inclúa como RISCOS asegurables os danos aos cultivos agrarios ocasionados por animais silvestres: 5 puntos*

Claro que os construtores do entramado destas liñas de axudas tampouco caeron na conta que os seguros agrarios de Horta non son compatibles cos ciclos de horta en Galicia.

CSX4 REXISTRO-ogEmLUKOk-9  
Verificación  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/01/2019 17:10:16  
Nº Rexistro: 43637  
Data envío: 15/01/2019 17:10:16.131

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que:

-Publique á maior brevidade unha corrección de erros das distintas ordes de axudas á prevención de danos e de axudas ós danos ocasionados pola fauna salvaxe que subsanen os erros denunciados na presente PNL e algún outro detectable logo de falar cos sectores afectados.

-Para sucesivas ordes se fale cos sectores afectados para non caer neste tipo de incorreccións que inutilizan parcialmente estas ordes de axuda.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/01/2019 17:10:16**  
**Nº Registro: 43637**  
Data envío: 15/01/2019 17:10:16.131

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2019 17:07:59**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2019 17:08:05**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2019 17:08:06**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2019 17:08:08**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2019 17:08:10**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2019 17:08:11**

CSV REGISTRO-ogEmIUKOk-9  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 28.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.5 45235(10/PNC-003640)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos e 6 máis

Sobre o mantemento polo Goberno galego das medidas e protocolos establecidos para acadar a erradicación da couza guatemalteca da patata

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*

## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Carlos Gómez Salgado, Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro e Rosa Oubiña Solla**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

### Exposición de motivos

No ano 2015 foi detectada en Galicia a presenza da praga producida pola *Tecya Solanívora Povolny*, coñecida comunmente, pola súa orixe centroamericana, como Couza Guatemalteca da pataca.

Os primeiros insectos foron detectados en algúns concellos do Norte das provincias de A Coruña e Lugo, e no mes de Marzo do 2018 coñecemos a aparición deste insecto en varias parroquias do Concello de Muxía, na provincia de A Coruña.

Para tentar controlar, e mesmo erradicar a súa presenza en todos estes Concellos e lugares afectados, adoptáronse de xeito urxente medidas legais e fitosanitarias, e mesmo drásticas sendo unha praga de corentena, como a restrición de sementar pataca nas zonas infestadas durante dous anos.

Esta batería de medidas, afectan a produtores, distribuidores e almacenistas, obrigando aos primeiros a colocar trampas con feromona sexual para a captura masiva de individuos; A utilizar semente certificada con garantías sanitarias, a realizar tratamentos fitosanitarios, ou a retirar e a destruír todos os tubérculos danados co fin de controlar a praga prohibindo a saída destas zonas de toda a pataca.

Asemade adoptáronse medidas para os almacéns e outros establecementos comercializadores, como a separación da pataca de semente e de consumo, a utilización de mallas tupidas para evitar a entrada da couza, e a desinfectar os almacéns e ferramentas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir coas medidas e protocolos establecidos na loita contra a couza da pataca para conseguir a súa erradicación”.





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/02/2019 11:32:15  
**Nº Rexistro: 45235**  
Data envío: 04/02/2019 11:32:15.639

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/02/2019 11:26:11**

**Carlos Gómez Salgado na data 04/02/2019 11:26:21**

**Moisés Blanco Paradelo na data 04/02/2019 11:26:29**

**Raquel Arias Rodríguez na data 04/02/2019 11:26:34**

**Daniel Vega Pérez na data 04/02/2019 11:26:41**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 04/02/2019 11:26:49**

**Jacobo Moreira Ferro na data 04/02/2019 11:26:58**

**Rosa Oubiña Solla na data 04/02/2019 11:27:05**



CSV: REXISTRO-U3wkhz1c-8

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 28.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.6 45323(10/PNC-003643)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de concentración parcelaria de Santa María de VilvestroII-Figueiras II, no concello de Santiago de Compostela

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/02/2019 17:19:56  
Nº Rexistro: 45323  
Data envío: 04/02/2019 17:19:56.164

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1991 coa publicación no DOG 197 de 11 de outubro do decreto 322/91 do 4 de outubro declárase de utilidade pública e interese social a urxente execución da concentración parcelaria da zona de Sta. María de Villestro II coa fin de corrir a atomización das parcelas de monte destas dúas parroquias do concello de Santiago de Compostela.

Posteriormente no DOG 240 de 10 de decembro de 2009 publicouse a Resolución do 11 de novembro do mesmo ano do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Medio Rural pola que se anuncia a aprobación das bases definitivas da zona de concentración parcelaria de Villestro II - Figueiras II de Santiago de Compostela.

Neste concello realizáronse 21 procedementos de concentración parcelaria, mais aínda permanece aberto o de Villestro e Figueiras que afecta a 1.219 propietarios e propietarias, que dispoñen de 14.072 parcelas nunha superficie total de 1.523 hectáreas. Moitas destas parcelas son de dimensións reducidas e non ofrecen rendibilidade económica ás persoas titulares da propiedade por carecer dunha superficie mínima.

CSM-REXISTRO-e51n4pys-8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/02/2019 17:19:56**  
**Nº Rexistro: 45323**  
Data envío: 04/02/2019 17:19:56.164

Coma xa dixemos este procedemento de concentración parcelaria iniciouse co decreto publicado o 4 de outubro de 1991 e entrou na fase de aprobación de bases definitivas o 5 de novembro de 2009. Transcorreron pois case 27 anos desde que os propietarios e as propietarias destes terreos agardan polo remate do mesmo para poderen cultivar, producir e reiniciar as actividades ligadas ó monte xa que a provisionalidade que se abre con estes procesos limita a explotación e, sobre todo, polo feito de que moitas parcelas quedan descoidadas enchéndose de maleza e poden ser atacadas polos incendios, ademais de perderen parte da capacidade produtiva.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Que axilice o procedemento de concentración parcelaria de Santa María de Vilvestro II – Figueiras para que se finalice á maior brevidade posible.

-Que inclúa unha reserva de espazo a cargo das masas comúns e das parcelas non reclamadas para a construción do Periférico Norte, así como para futuras ampliacións da rede viaria.”

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

CSX: REGISTRO-e51m4pys-8  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/cs/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/02/2019 17:19:56**  
**Nº Registro: 45323**

Data envío: 04/02/2019 17:19:56.164

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/02/2019 17:15:27**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/02/2019 17:15:32**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/02/2019 17:15:34**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/02/2019 17:15:36**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/02/2019 17:15:38**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/02/2019 17:15:39**

CSX: REGISTRO-e51m4pys-8  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 28.02.2019**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

2.7 45361(10/PNC-003647)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios humanos e materiais necesarios á Oficina Agraria Comarcal de Xinzo de Limia

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2019 12:48:20  
**Nº Rexistro: 45361**  
Data envío: 05/02/2019 12:48:20.865



## A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez Garcia**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**, sobre a situación na que se atopa a Oficina Agraria Comarcal de Xinzo de Limia.

### Exposición de motivos:

Hoxe, nas Oficinas Agrarias Comarcais da Galiza traballan máis de 300 profesionais entre veterinarias, enxeñeiras agrónomas, enxeñeiras técnicas agrícolas e persoal administrativo divididas nas case 70 oficinas agrarias comarcais distribuídas por todo o país.

Nos momentos actuais de crise dos sectores agro e gandeiros, a Consellería non é quen de dotar de persoal suficiente nin material ás oficinas agrarias comarcais.

Isto, a día de hoxe, vese agravado polo feito de que vén de abrirse o prazo para tramitar as axudas da PAC e, en pouco tempo, comezarán as campañas para solicitar subvencións como as de novas incorporacións, os plans de mellora, etc... que supoñen unha carga de traballo extraordinaria á que non van poder responder dende esta oficina.

O desmantelamento da Oficina Agraria Comarcal de Xinzo de Limia inscíbese nunha política clara de recortes que a Xunta de Galicia e a Consellaría de Medio Rural levan anos executando en toda a rede de OACs de Galiza, substituíndo moitos servizos por trámites telemáticos que, na maioría dos casos, obrigan a usuarios e usuarias a contratar servizos privados para poder xestionalos. Ademais, as OACs foron perdendo, co paso dos anos, o seu importante labor de formación e asesoramento para as nosas granxas e explotacións, reducíndose o seu indispensable rol para o noso agro á mera burocracia.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2019 12:48:20**  
**Nº Rexistro: 45361**  
Data envío: 05/02/2019 12:48:20.866



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte  
Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dotar de suficientes medios  
materiais e humanos a Oficina Agraria Comarcal (OAC) de Xinzo de Limia.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 05/02/2019 12:40:16**

**Antón Sánchez García na data 05/02/2019 12:40:24**

CSX: REGISTRO-mkgrs2Lz-5  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 28.02.2019**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

2.8 45797(10/PNC-003689)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o remate pola Xunta de Galicia do proceso de concentración parcelaria do monte nas parroquias de Figueiras e Villestro, no concello de Santiago de Compostela

*Publicación da iniciativa, 434, 20.02.2019*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/02/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 45797  
Data envío: 08/02/2019 09:27:18.045

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Raúl Fernández Fernández e Xoaquín Fernández Leiceaga**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

### Exposición de motivos

En 1991, no Diario Oficial de Galicia número 197, do 11 de outubro, saíu publicado o Decreto 322/1991, do 4 de outubro, polo que se declara de utilidade pública e interese social a urxente execución da concentración parcelaria da zona de Santa Marta de Vilvestro II, no concello de Santiago de Compostela.

Pese a estar declarada como urxente, non foi ata o DOG núm. 240, do 10 de decembro de 2009, que se publicou a Resolución do 11 de novembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña da Consellería do Medio Rural, pola que se anuncia a aprobación das bases definitivas da zona de concentración parcelaria de Vilvestro II-Figueiras II, no concello de Santiago de Compostela.

Transcorridos mais de 25 anos dende o inicio da concentración parcelaria esta aínda non rematou. Debido a esa situación, os e as propietarias dos terreos non poden reiniciar as actividades vinculadas ao monte como cultivar e producir.

Ademais, existe o agravante de que esa zona é considerada como de alta actividade incendiaria segundo o Pladiga e, en consecuencia, require unha especial atención e vixilancia. A dificultade de acceso a algunhas das parcelas da zona, dificulta, ou incluso imposibilita, o acceso de maquinaria. Iso aumenta as posibilidades de incendio, debido a dificultade de retirar a biomasa forestal, e perden a capacidade produtiva da terra.

CSM-REXISTRO-QDWipn0e4-1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/02/2019 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 45797**  
Data envío: 08/02/2019 09:27:18.045

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que remate o proceso de concentración parcelaria do monte nas parroquias de Figueiras e Villestro, do concello de Santiago de Compostela, iniciado no ano 1991 e coas bases definitivas aprobadas desde 2009.

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2019

Asdo.: Raúl Fernández Fernández  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Deputado - portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Raúl Fernández Fernández na data 08/02/2019 09:25:37**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/02/2019 09:25:43**

CSV REXISTRO-CDVgenDef-1  
Validado  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)